

O INCIO

Anuncio

Formada a Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio 2016 cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión de 14 de xullo, exponse ó público, xunto cos documentos que a xustifican na Intervención desta entidade, por período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte día ó da inserción do presente edicto no BOP. Durante dito prazo e oito días máis os interesados lexítimos poderá examinar e formular por escrito as alegacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto no artigo 212 do RDL 2/2004, de 5 de marzo.

O Incio, 19 de xullo de 2017.- A ALCALDESA, Laura Celeiro García

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 14-07-2017, acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gasto de distinta área de gasto que afecta a créditos de persoal.

Aprobado inicialmente o expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gasto de distinta área de gasto que afecta a créditos de persoal, por Acordo do Pleno en cumprimento do disposto no artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese á información pública polo prazo de quince días, acontar desde o día seguinte ao da publicación no BOP.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Si transcorrido o prazo non se presentaron alegacións, considerase aprobado definitivamente devandito acordo.

En O Incio, 19 de xullo de 2017.- A ALCALDESA, Laura Celeiro García

R. 2236

LUGO

Anuncio

Por Decreto núm 17006694 do día 20 de xullo aprobose, entre outros o procedemento de licitación para o **PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN NO RECINTO FEIRAL DE SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2017, 2018, 2019.**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

c) Obtención de documentación e información:

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002

4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

5. **Telefax:** (982) 29-72-59.

6. **Correo electrónico:** contratacion@concellodelugo.org

7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)

8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) Número de expediente: 28/2017

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto

O obxecto deste contrato é o outorgamento de autorizacións para a instalación dos postos de atraccións que se relacionan ao final destas Bases e identificadas nos Planos do Feiral que se achegan durante as Festas de San Froilán 2017, 2018 e 2019, que levarán aparellada a autorización para a instalación de caravanas no lugar habilitado para iso polo Concello.

b) Duración da ocupación :

As autorizacións para a instalación dos postos de atraccións terán unha duración de tres anos, isto é, para as festas de San Froilán dos anos 2017, 2018 e 2019.

Tanto a data de montaxe e desmontaxe das atraccións como o tempo de funcionamento do feiral serán fixados polo Concello cada ano, tomando como base as datas de celebración das Festas de San Froilán.

O resto das condicións da ocupación están recollidas na cláusula cuarta das Bases.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

4.- Importe de licitación:

Ver cláusula segunda e disposición final das referidas Bases

5.- **Garantía definitiva:** 5% do importe anual ofertado cun mínimo de 100 euros para tódalas atraccións agás as mesas de venda e stands de venda que o importe da garantía será de 100 euros.

6. Condiciones especiais de execución:**Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **TRINTA días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula sétima das Bases.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nas Bases

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó terceiro día hábil ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- **Outras informacións:** As que se recollen nas Bases.

Lugo, 20 de xullo de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto